

Guía de aves A Ramallosa





Garza branca común
(*Egretta garzetta*)

Identificación: Branca, co peteiro negro, pescozo longo e patas negras coas dedas amarelas



Garza branca común
(*Egretta garzetta*)



Mazarico real
(*Numenius arquata*)

Identificación: Peteiro moi longo e curvado cara abaixo (na femia máis longo), coa plumaxe parda grisenta uniformemente barrada (deseño estriado)



Mazarico real
(*Numenius arquata*)

Mazarico rubio (*Limosa lapponica*)

Identificación: Peteiro escuro, coa base rosa e lixeiramente curvado cara arriba. Plumaxe gris apardazada con efecto estriado e abrancazada por abaixo. (OLLO: No verán, a plumaxe cambia)



Mazarico rubio (*Limosa lapponica*)





Bilurico
(*Tringa totanus*)

Identificación: Moi común, coas patas e a base do peteiro vermellos, plumaxe parda cos laterais e o peito listados.



Bilurico claro ou
pativerde
(*Tringa nebularia*)

Identificación: Un pouco máis grande que o bilurico, ten o peteiro máis longo e lixeiramente curvado cara arriba. Base do peteiro e patas grises ou grises verdosas. Plumaxe gris cun debuxo escamento. (OLLO: No verán, a plumaxe cambia)



Bilurico das rochas
(*Actitis hypoleucos*)

Identificación: De tamaño pequeno, pescozo curto. Plumaxe parda por arriba e branca por abaixo, facendo unha especie de cuña diante das ás.

Corvo mariño grande
(*Phalacrocorax carbo*)

Identificación: Grande, de pescozo longo e base do peteiro sen plumas e coa pel amarela, rodeada por unha zona branca.



Gaivota patiamarela
(*Larus michahellis*)

Identificación: Patas amarelo brillantes,
peteiro cunha mancha vermella,
plumaxe do dorso gris, coas plumas
primarias das ás negras con manchas
brancas. (OLLO: Nos individuos xuvenís,
a plumaxe é diferente)



Gaivota patiamarela
(*Larus michahellis*)

